

Obxecto: Informe á Resposta do promotor ao informe da DXPC do 20.07.2022 sobre o EIA e PIA
Proxecto: Parque eólico Coto Loureiro
Localización: A Laracha e Cerceda (A Coruña)
Promotor: Adelanta Corporación, S.A.
Remitente: Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave: IN408A 2018/37
Data rexistro: 12.09.2022 e 31.10.2022 (documentación complementaria)
Expediente: 03.I.648.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA2273/2017 (Servizo de Arquitectura)

O 12.09.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado da resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 20.07.2022 en relación co Estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico do parque eólico sinalado na cabeceira.

A tales efectos achégase o enlace para descargar o documento "*Respuesta al informe del 20/07/2022 de la DX de Patrimonio Cultural. Parque eólico Coto Loureiro. Agosto 2022*".

O 31.10.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un novo escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se dá traslado da resposta complementaria do promotor, para tela en conta aos efectos de emitir o correspondente informe e achégase o enlace para descargar o documento "*Respuesta al informe del 20/07/2022 de la DX de Patrimonio Cultural. Parque eólico Coto Loureiro. Octubre 2022*".

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia, atópanse nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os seguintes antecedentes:

- *Documento Ambiental Inicial Parque Eólico Coto Loureiro*, informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 18.05.2017, dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria. No dito informe indícase, entre outras consideracións, que o Estudo de Impacto Ambiental deberá contar cun estudo de visibilidade (foto-simulación) de cara a avaliar a incidencia do parque no Mosteiro de San Pedro de Soandres e no seu contorno, en especial a visión dos aeroxeradores 15, 16, 17 e 18 desde este ben e o seu contorno, valorando o impacto que puidera xerar e como mitigalo.
- O 05.10.2020 a DXPC autorizou a arqueóloga Paz Blanco Sanmartín para realizar a Prospección arqueolóxica para a realización do Estudo de Impacto Patrimonial do PE Coto Loureiro (Cerceda e A Laracha, A Coruña) (CT 102A 2020/769).
- *Estudo de Impacto Ambiental. Parque Eólico Coto Loureiro. Terceira revisión. Agosto 2021 e Proxecto de interese autonómico. Parque Eólico Coto Loureiro. Febreiro 2021.*, informados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 20.07.2022. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu un informe o 20.07.2022 no que se indicaba que para poder emitir informe sobre os documentos remitidos e continuar a tramitación era necesario que se completen, modifiquen e/ou corrixan tendo en conta o seguinte:
 - Deberán comprobarse en campo as anomalías topográficas detectados nos planos de pendentes nas coordenadas UTM (F29 ETRS89) X=539194, Y=4783688, e mais X=541805, Y=4782748, dada a presenza nesta paraxe de varios túmulos megalíticos. De confirmarse a súa entidade como xacementos arqueolóxicos, deberán realizarse as correspondentes fichas normativizadas e incorporarse tanto ao EsIA como ao PIA.
 - Respectarase a traza do Camiño Real de Golmar a Cerceda, que non se empregará como acceso aos aeroxeradores 1, 2, 3, 4 e 5 e un contorno de protección de 30 metros libre de obra, polo que deberá proporse un acceso alternativo a estes aeroxeradores que non sexa desde a traza do Camiño Real.
 - Completarase o estudo da incidencia visual dos aeroxeradores 10, 11, 12, 13 e 14 desde o



Mosteiro e igrexa de San Pedro de Soandres con infografías onde se vexa en conxunto a aliñación dos aeroxeradores, algunha delas mirando á fachada da igrexa. Tendo en conta que o arborado existente (plantacións de eucaliptos) nalgún momento será cortado, sería axeitado adoptar medidas correctoras como podería ser diminuír a altura da buxa das máquinas máis visibles. Cómpre sinalar que no documento de inicio soamente se proxectaban 4 aeroxeradores cunha altura total de 150 m (91,5 m de buxa e 58,5 de pa) e agora se proxectan 5 cunha altura total de 173 m (105 m de buxa e 68 de pa).

- Deberán avaliarse os efectos sinérxicos das infraestruturas do parque eólico respecto do patrimonio cultural.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado no informe dos servizos técnicos:

Análise dos documentos:

Resposta al informe del 20/07/2022 de la DX de Patrimonio Cultural. Parque eólico Coto Loureiro. Agosto 2022 (remitido o 12.09.2022)

O obxecto deste documento é dar resposta aos puntos sinalados nas consideracións técnicas do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 20.07.2022 e nos requirimentos dese informe.

Respecto ao Camiño Real Golmar-Cerceda, indícase que se está a facer un estudo pormenorizado sobre o trazado do camiño real nesa zona cuxos resultados serán remitidos á DXPC ao finalizar o mesmo, pero adiantan que, segundo diferentes autores, o camiño real nesa zona segue un trazado N-S con ramificación para Fisterra. Indican tamén que en diferente documentación se recolle un camiño medieval de Betanzos a Carballo, cun dos tramos entre Golmar e Soandres, al norte da zona onde se proxecto o parque eólico, así como outro posible camiño antigo, ramificación do Camiño de Santiago, entre Golmar e Aldemunde, ao oeste da zona onde se proxecta o parque eólico. Estas rutas aparecen reflectidas na Carta Geométrica de Galicia de Fontán.

Respecto ao establecemento das áreas no PXOM da Laracha, indícase que se terán en conta na elaboración de próximos documentos.

Respecto á curva a realizar nas proximidades da Mámoa do Forno dos Mouros de Silvoso (GA15041025), indícase que non se recollen na planimetría os enlaces cos camiños existentes ao igual que non se recollen os accesos ás fincas e parcelas, o que non significa que non se habiliten os pasos ou transicións necesarias de tal modo que todos os camiños, accesos e pasos quedarán correctamente intersectados.

Atendendo ao indicado no informe da DXPC, propoñen a restauración do propio vial de obra (temporal e necesario para o paso dos compoñentes dos aeroxeradores nese ámbito unha vez completados os traballos de montaxe do parque e o mantemento dos vieiros existentes.

Respecto ás anomalías topográficas detectadas indican que se realizará durante o control arqueolóxico a comprobación delas e se realizarán as correspondentes fichas normativizadas.



Respecto á incidencia visual desde o Mosteiro e Igrexa de San Pedro de Soandres, presentan unha serie de infografías desde as posicións máis desfavorables e sinalan que debido á orientación da aliñación do parque eólico, cando se mira á fachada da igrexa o parque eólico non resulta visible.

Por último, analízanse as sinerxias dos parques eólicos, tanto construídos como en tramitación, en radios de 5, 10 e 15 km tendo en conta as liñas eléctricas de evacuación deses parques. Esta análise inclúe as conchas visuais.

Resposta al informe del 20/07/2022 de la DX de Patrimonio Cultural. Parque eólico Coto Loureiro. Octubre 2022 (remitido o 31.10.2022)

Este documento contén o mesmo esquema de resposta que o documento asinado en agosto de 2022 e remitido en setembro de 2022, pero ampliando información nalgúns dos puntos da resposta.

Respecto ao Camiño Real Golmar-Cerceda achégase, como Anexo B *Documento: Os camiños reais de Golmar*, o estudo pormenorizado sobre o trazado do camiño real nesa zona que indicara, no documento anterior, que se estaba a facer. Vén asinado pola Dra. en Historia M^a del Pilar Rodríguez Suarez e ten por obxecto localizar e reconstruír o trazado do camiño real ou camiños reais que pasan pola parroquia de San Bieito de Golmar e determinar se afectan ou non ao parque eólico de Coto Loureiro. Do resultado deste estudo, que analiza diversa cartografía antiga, conclúese que o Camiño Real de Golmar a Cerceda non existe e que os camiños reais que atravesan Golmar son dous: o das Mariñas (Betanzos-Carballo) e o da Coruña a Bergantiños que segue cara a Santiago (Coruña-Carballo-Santiago) e ningún deles afecta ao parque eólico Coto Loureiro.

Respecto á curva a realizar nas proximidades da Mámoa do Forno dos Mouros de Silvoso (GA15041025), indícase que se estudou a posibilidade de que o trazado da gabia e o vial discorresen fóra do ámbito de protección da mámoa pero que isto suporía maior afección ambiental (á vexetación, zonas de acumulación de auga, maior movemento de terras e lonxitude de trazado tanto do vieiro como da gabia, no caso desta última implicaría maiores perdas de enerxía), polo que finalmente propoñen a restauración do propio vieiro de obra nese ámbito unha vez completados os traballos de montaxe do parque e o mantemento dos viais existentes.

Asemade, manterase o vieiro existente e propónse que a gabia de conexión dos aeroxeradores 8 e 9 vaia por dito vieiro, coa realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas, no caso de que a DXPC o considere necesario e conlevará a realización do control arqueolóxico presencial da apertura da gabia na área de protección do xacemento.

Inclúese un novo apartado de proposta de medidas para compensar a visibilidade dos aeroxeradores 10 ao 13 desde o mosteiro de Soandres. Estas medidas consisten en:

- Posibilidade de preservar as plantacións forestais existentes, que actúan de pantalla vexetal, para garantir a mitigación de potencial visibilidade.
- Actuacións de mellora urbanística no contorno do mosteiro mediante a supresión ou substitución de elementos discordantes:
 - Soterrado do cableado actual do subministro eléctrico e de telefonía.
 - Substitución de apoios para servizo de alumeadado público por outros de tipoloxía máis acorde co entorno (menor altura e mellor estética).
 - Adecuación de cubertas de vivendas próximas.

Inclúese tamén un apartado coa totalidade dos elementos do patrimonio cultural no ámbito da análise de sinerxias e a súa localización.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como os planeamentos municipais, o Plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que dentro da poligonal do parque e no seu contorno existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras da infraestrutura eólica e os vieiros interiores do parque, e que son identificados na *Memoria de avaliación do impacto patrimonial*, que constitúe o Anexo H do estudo de impacto ambiental, onde se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
- A documentación remitida polo promotor en datas 12.09.2022 31.10.2022 dá resposta ao requirido



no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 20.07.22 e asemade xustifica mediante un estudo pormenorizado que o viero de acceso aos aeroxeradores non se corresponde con ningún camiño real.

- Respecto ao acceso ao parque eólico fóra da poligonal, desde a rede de estradas xerais, nos documentos achegados (estudo de impacto ambiental, proxecto de interese autonómico e documentación complementaria) non se concretan as actuacións que será necesario realizar para acondicionar este acceso (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...), polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados por estas actuacións.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME:

En atención ao expresado no apartado anterior e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural infórmanse de xeito favorable os documentos remitidos (*Estudo de impacto ambiental* e *Proxecto de interese autonómico*) tendo en conta a documentación complementaria remitida polo promotor en datas 12.09.2022 e 31.10.2022 e coas medidas correctoras e compensatorias propostas no Anexo H do EIA e na documentación complementaria. Asemade, terase en conta o seguinte:

- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- Durante o control arqueolóxico realizarase a comprobación das anomalías topográficas detectadas. De confirmarse a súa entidade como xacementos arqueolóxicos, deberán realizarse as correspondentes fichas normativizadas.
- Antes do inicio das obras do parque eólico presentaranse os correspondentes proxectos indicados nas medidas compensatorias propostas polo promotor na documentación complementaria remitida o 31.10.2022, para obter as correspondentes autorizacións por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e demais organismos competentes. O promotor contará cun prazo de execución dun máximo de catro anos para rematar as obras dos ditos proxectos, a contar a partir da data de sinatura da acta de replanteo das obras do parque eólico.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc...). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

